



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOVILIDADE. AUGAS DE GALICIA. SERVIZO TERRITORIAL DE LUGO

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

Juan Pablo Pertega Andía solicita de Augas de Galicia a autorización de obras en zona de policía. O presente anuncio ten por obxecto abrir a regulamentaria información pública que prescribe o art. 52 do Regulamento do dominio público hidráulico. Expediente: DH.W27.70373

As obras solicitadas consisten na construción dunha vivenda unifamiliar no predio con referencia catastral 27027C004007790000DS na zona de policía de leitos dun rego innominado, no lugar de Piñeiro, na parroquia de San Xurxo de Lourenzá, no concello de Lourenzá (Lugo).

O que se fai público para xeral coñecemento, por un prazo de **vinte (20) días** a partir do seguinte á data de publicación no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que os que se sintan prexudicados poidan presentar as súas reclamacións, durante o prazo sinalado, no Concello de Lourenzá ou nas oficinas deste servizo, situadas na Ronda da Muralla, 70, 2º, onde estará exposto o expediente de que se trata, para que poida ser examinado por quen o desexe.

Lugo, 14 de outubro de 2020.- A xefa do servizo territorial, Rocío Carreira Carral.

R. 2493

XFATURA TERRITORIAL DE VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN. DELEGACIÓN TERRITORIAL DE LUGO

Anuncio

Resolución do 7 de outubro de 2020 da Xefatura Territorial de Lugo pola que se concede a autorización administrativa previa e de construción dunha instalación eléctrica no concello de Barreiros. (expediente IN407A 2020-22AT)

Visto o expediente para outorgamento da autorización administrativa previa e de construción para a instalación eléctrica que a continuación se describe:

- Solicitante: Barras Eléctricas Galaico-Asturianas S.A.
- Domicilio Social: Polígono empresarial As Gándaras- parcela U2-rúa Aller Ulloa, Ramón María, n.º 9, 27003 Lugo.
- Denominación: "REFORMA Y AUTOMATIZACIÓN DEL CS 858 CORTIÑAS"
- Situación: concello de Barreiros
- Características técnicas:
 - Liña soterrada de Alta Tensión a 20kV con orixe nun paso aéreo a soterrado ubicado no apoio existente A-86408 da LMT Cabarcos, entra e sae no CS prefabricado 858 Cortiñas (proyectado) e remata en outro paso aéreo a soterrado ubicado no apoio existente A-86408 da LMT Cabarcos, cunha lonxitude de 150 metros en condutor tipo RHZ1-240mm.
 - Centro de seccionamento prefabricado Cortiñas (858), no cal se instalan dúas celas de liña, unha de protección e unha de protección con transformador de servizos auxiliares.
 - Desmontaxe do CS Cortiñas existente e da LMT existente.

Cumpridos os trámites ordenados na Lei 24/2013, do 26 de decembro, (BOE núm. 310) do sector eléctrico e no título VII, capítulo II do Real Decreto 1955/2000, do 1 de decembro (BOE nº 310), polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, no Real Decreto 337/2014, de 9 de maio, polo que se aproba o regulamento sobre condicións técnicas e garantías de seguridade en instalacións eléctricas de alta tensión e as súas instrucións técnicas complementarias e na Resolución de 19 de febreiro de 2014, da Dirección Xeral de Enerxía e Minas, pola que se aproba o procedemento de autorización administrativa de construción (D.O.G. núm. 54 de 19 de marzo), así como na Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia, esta xefatura territorial, de acordo cas competencias que resultan dos Decretos 135/2017 do 28 de decembro, polo que se crea e establece a estrutura orgánica da consellería, y tendo en conta o Decreto 9/2017, de 12 de xaneiro, sobre órganos competentes para autorización de instalacións eléctricas na Comunidade Autónoma de Galicia, **resolve**:

Conceder a autorización administrativa previa e de construción a ditas instalacións, cuxas características se axustarán en tódalas súas partes ás que figuran no seu proxecto e as condicións técnicas e de seguridade establecidas nos regulamentos de aplicación e nos condicionados establecidos polos ministerios, organismos ou corporacións que constan no expediente, independentemente das autorizacións, licencias ou permisos de competencia municipal, provincial ou outros necesarios para a realización das obras das instalacións autorizadas.

O prazo de posta en marcha das instalacións que se autorizan será de doce meses, contados a partir da data da última autorización administrativa necesaria para a súa execución.

Contra esta resolución poderase interpor recurso de alzada ante o conselleiro de Economía, Emprego e Industria no prazo dun mes, a partir do día seguinte o da notificación ou publicación desta resolución; tamén se poderá interpor calquera outro recurso que estime pertinente o seu dereito.

Lugo, 7 de outubro de 2020

Segundo a disposición Transitoria terceira do Decreto 130/2020, de 17 de setembro, polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia

Lugo, 7 de outubro de 2020.- A Xefa Territorial, Pilar Fernández López.

R. 2495

Anuncio

Resolución do 6 de outubro de 2020 da Xefatura Territorial de Lugo pola que se concede a autorización administrativa previa e de construción dunha instalación eléctrica no concello de Ribadeo. (expediente IN407A 2020-20AT)

Visto o expediente para outorgamento da autorización administrativa previa e de construción para a instalación eléctrica que a continuación se describe:

- Solicitante: Barras Eléctricas Galaico-Asturianas S.A.
- Domicilio Social: Polígono empresarial As Gándaras- parcela U2-rúa Aller Ulloa, Ramón María, n.º 9, 27003 Lugo.
- Denominación: **"SOTERRAMIENTO DE LA LAT DE ACOMETIDA AL CT DEPURADORA 2 (78) EN RIBADEO"**
- Situación: concello de Ribadeo
- Características técnicas:
 - Liña soterrada de Alta Tensión a CT Depuradora 2 (78) con orixe nun paso aéreo a soterrado ubicado no apoio existente A-82478 e final no CT existente Depuradora 2, cunha lonxitude de 60 metros en condutor tipo RHZ1-240mm.
 - Liña soterrada de baixa tensión, con orixe no CT Depuradora 2 (78) e final na RBT aérea existente, cunha lonxitude de 90 metros en RV-240.
 - Desmontaxe dun apoio de formigón, 35 metros de LA-56 e 15 metros de RZ-95.

Cumpridos os trámites ordenados na Lei 24/2013, do 26 de decembro, (BOE núm. 310) do sector eléctrico e no título VII, capítulo II do Real Decreto 1955/2000, do 1 de decembro (BOE nº 310), polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, no Real Decreto 337/2014, de 9 de maio, polo que se aproba o regulamento sobre condicións técnicas e garantías de seguridade en instalacións eléctricas de alta tensión e as súas instrucións técnicas complementarias e na Resolución de 19 de febreiro de 2014, da Dirección Xeral de Enerxía e Minas, pola que se aproba o procedemento de autorización administrativa de construción (D.O.G. núm. 54 de 19

de marzo), así como na Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia, esta xefatura territorial, de acordo cas competencias que resultan dos Decretos 135/2017 do 28 de decembro, polo que se crea e establece a estrutura orgánica da consellería, y tendo en conta o Decreto 9/2017, de 12 de xaneiro, sobre órganos competentes para autorización de instalacións eléctricas na Comunidade Autónoma de Galicia, **resolve**:

Conceder a autorización administrativa previa e de construción a ditas instalacións, cuxas características se axustarán en tódalas súas partes ás que figuran no seu proxecto e as condicións técnicas e de seguridade establecidas nos regulamentos de aplicación e nos condicionados establecidos polos ministerios, organismos ou corporacións que constan no expediente, independentemente das autorizacións, licencias ou permisos de competencia municipal, provincial ou outros necesarios para a realización das obras das instalacións autorizadas.

O prazo de posta en marcha das instalacións que se autorizan será de doce meses, contados a partir da data da última autorización administrativa necesaria para a súa execución.

Contra esta resolución poderase interpor recurso de alzada ante o conselleiro de Economía, Emprego e Industria no prazo dun mes, a partir do día seguinte o da notificación ou publicación desta resolución; tamén se poderá interpor calquera outro recurso que estime pertinente o seu dereito.

Lugo, 6 de outubro de 2020.- A Xefa Territorial, Pilar Fernández López. Segundo a disposición Transitoria terceira do Decreto 130/2020, de 17 de setembro, polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia

R. 2496

EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

ÁREA DE PROMOCIÓN ECONÓMICA E SOCIAL

Anuncio

PUBLICIDADE DA 2ª LISTAXES DE BENEFICIARIOS E IMPORTE DE SUBVENCIÓN, LISTAXE DE RESERVAS DA MEDIDA 8.2.3.3 “TU EMPLEO SOCIAL EN EL RURAL” E DA MEDIDA 8.2.4.2 “GENTE JOVEN EN EL RURAL” DENTRO DO PROGRAMA PRENDE ! BOTA RAÍCES NO RURAL.

Listaxe de Beneficiarios da Medida 8.2.4.2 “Gente Joven en el Rural” Prende! Bota Raíces

EXPEDIENTE	BENEFICIARIO	NIF	CONCELLO	PERFIL	SUBVENCIÓN
2020/PES_03/011257	VICENTE DIEGUEZ SIMÓN	*****687Q	CHANTADA	FONTANEIRO	5.700€
2020/PCA_01/000018	ALMACENES JUL	*****2114	FRIOL	ADMINISTRATIVO	5.700€
2020/PCA_01/000020	MARCELINO TIERRA Y VINOS	*****5550	SOBER	CAMAREIRO	5.700€
				TRABALLADOR AGRARIO	5.700€
2020/PCA_01/000022	BODEGAS PETRÓN SL	*****5882	SOBER	PERSOA PARA VIÑEDO E ADEGA	5.700€
2020/PCA_01/000023	CAMPO BARRERA SC	*****8367	RÁBADE	PEÓN AGRÍCOLA	5.700€
2020/PCA_01/000024	PRIOR DE PANTÓN SL	*****3687	PANTÓN	ADEGUEIRO (SERVIZOS EN ADEGA)	5.700€
2020/PCA_01/000025	ISIDORO FILOMENA LÓPEZ	*****564N	O SAVIÑAO	VETERINARIO	5.700€
2020/PCA_01/000026	CASA MOREIRAS SL	*****4067	PANTÓN	ADEGUEIRO (SERVIZOS EN ADEGA)	5.700€

Listaxe Beneficiario da Medida 8.2.3.3 “Tu Empleo Social en el Rural”

EXPEDIENTE	BENEFICIARIO	NIF	CONCELLO	SUBVENCIÓN
2020/PCP_01/000004	CATUXA MARÍA GONZÁLEZ PORTO	*****561S	RÁBADE	8.550€

Listaxe Reserva da Medida 8.2.4.2 “Gente Joven en el Rural” Prende! Bota Raíces

EXPEDIENTE	BENEFICIARIO	NIF	CONCELLO
2020/PCP_01/000005	JORGE BARROS DÍAZ	*****302R	RÁBADE

Contra dita resolución que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñer alternativamente recurso de reposición ante a Xunta de Goberno, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da publicación do acordo, de conformidade cos artigos 123 e 124 Lei 39/2015 do 1 de outubro, de procedemento Administrativo común das administracións públicas; ou ben interpoñer directamente recurso contencioso- administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses, a contar dese o día seguinte da publicación do acordo, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso- Administrativo.

Lugo, 16 de outubro de 2020.- "O PRESIDENTE, P.D. Decreto de data 26-07-2019 O DEPUTADO DELEGADO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA E SOCIAL, Pablo Rivera Capón.

R. 2523

CONCELLOS CASTRO DE REI

Anuncio

Aprobación inicial de suplemento de crédito número 1/2020.

O Pleno do Concello de Castro de Rei, en sesión celebrada o día 16 de outubro de 2020, aprobou inicialmente o expediente de suplemento de crédito número 1/2020.

O expediente permanecerá exposto ao público, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, perante o prazo de quince días hábiles, contados a partir do seguinte ao da súa publicación no citado Boletín Oficial, para os efectos de exame e presentación de reclamacións ante o Pleno, segundo o disposto no artigo 179.4, en relación có 169 do Real Decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Se ao remate do período de exposición pública non se presentaran reclamacións, o expediente considerárase definitivamente aprobado, conforme ao establecido na citada lexislación.

Castro de Rei, 16 de outubro de 2020.- Alcalde-presidente, Francisco Javier Balado Teijeiro.

R. 2508

COSPEITO

Anuncio

BASES DA CONVOCATORIA DE PROCESO SELECTIVO DE FORMACIÓN DUNHA LISTA DE EMPREGO PARA POSIBLES NOMEAMENTOS INTERINOS DE POSTO DE ARQUITECTO/A NO CONCELLO DE COSPEITO (LUGO)

1ª.- Obxecto da convocatoria-

É obxecto destas bases regular o procedemento de selección para a creación dunha lista ou bolsa de emprego para realizar nomeamentos interinos para cobertura de situación previstas no artigo 23.2 a), b), c) e d) da Lei de Emprego Público de Galicia 2/2015 de 29 de abril (en adiante LEPE) para posto de Arquitecto/a no Concello de Cospeito (Lugo)

Entre as funcións propias do servizo de Urbanismo do Concello de Cospeito atópanse as seguintes:

- a) Emisión de informes sobre licencias de obras.
- b) Emisión de informes, asesoramento e actuacións en materia de gestión e disciplina urbanística
- c) Emisión de Informes sobre saneamento e abastecemento de augas.
- d) Emisión de informes sobre licencias de actividades
- e) Emisión de informes sobre calificación urbanística de terrenos
- f) Asesoramento na tramitación do Plan Xeral de Ordenación Municipal

g) Asesoramento na tramitación de proxecto de delimitacións de núcleos rurais

E todas aqueles, que dentro da categoría profesional II sexan atribuídas polo Alcalde do Concello de Cospeito no desempeño das funcións propias (expropiacións urbanísticas, reposición da legalidade, redacción de proxectos...)

O/a funcionario/a interino/a que no seu caso sexa nomeado en execución da presente convocatoria, cesará en todo caso cando se produzan calquera das causas previstas no TREBEP e na Lei 2/2015, e cando finalice a causa que deu lugar ao seu nomeamento en cada caso.

Cada nomeamento interino que derive desta Bolsa, de ser o caso, ocupará posto/praza encadrada dentro do Grupo A, subgrupo A1, de Funcionarios de Administración Especial Subescala Técnica

2ª.- Requisitos.

Para poder participar no proceso selectivo os aspirantes haberán de reunir, con referencia ao último día do prazo de presentación de instancias, os seguintes requisitos:

- a) Ser español, sen prexuízo do disposto no artigo 57 do TREBEP.
- b) Ter cumpridos dezaseis anos de idade e non exceder a idade máxima de xubilación forzosa.
- c) Estar en posesión do título de Arquitectura Superior ou equivalente, ou en condición de obtelo no intre da finalización do prazo de presentación de instancias. No caso de que a titulación se tivera obtido no estranxeiro, deberá acreditarse a correspondente homologación, ao tenor do regulado no Real Decreto 285/2004 de 20 de febreiro polo que se regulan a condición de homologación e convalidación de títulos e estudos estranxeiros de educación superior
- d) Non estar separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou de órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario no que fora separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.
- e) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das correspondentes funcións.

3ª.- Presentación de instancias.

As instancias, xunto co resto da documentación mínima que os aspirantes deben presentar solicitando participar no proceso selectivo poderán presentarse no modelo ANEXO I, dirixíranse ao sr. Alcalde do Concello de Cospeito e se presentaran no Rexistro Xeral do Concello, en horario de 9:00 a 15:00 horas de luns a venres, no prazo de 7 días naturais contados a partir do día seguinte a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia (BOP-Lugo). As bases serán expostas no taboleiro do Concello de Cospeito e na web municipal.

As instancias, xunto coa documentación precisa tamén poderán remitirse na forma prevista no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, así como a través da Sede electrónica do Concello de Cospeito. Se se opta pola presentación noutros rexistros, deberá remitirse por fax (982-520102) ó Concello de Cospeito unha copia da instancia o mesmo día de presentación no rexistro correspondente

Xunto á instancia, tamén se presentará:

- * A Fotocopia do DNI.
- * A Fotocopia do título requirido na base 2ª.
- * O Celga 4 ou equivalente (de ser o caso).
- * A documentación que desexe o aspirante que sexa baremada aos efectos do concurso. Non será valorada a que se presente con posterioridade á finalización do prazo de presentación de instancias.
- * A folla de autobaremación debidamente cumprimentada conforme o Anexo II
- * As persoas aspirantes que acrediten o coñecemento da lingua galega, con carácter previo e da maneira normativamente establecida (mediante a presentación do certificado CELGA 4 ou equivalente), quedarán exentas da súa realización e daráselles por superada esta proba coa cualificación de apto/a.

A documentación poderá ser fotocopia, sen ser precisa a copia cotexada; presumírase documentación auténtica, e unicamente será requirida a presentación da documentación orixinal aos aspirantes cando sexan seleccionados. No caso de detectarse falsidade documental, será motivo de exclusión do proceso.

A presentación da instancia para tomar parte no proceso selectivo supón a aceptación e acatamento de todas e cada unha das bases desta convocatoria, así como o consentimento do solicitante para o tratamento dos seus datos persoais coa finalidade de levar a cabo a selección. Así mesmo, os solicitantes prestan o seu consentimento para que o seu nome e número de documento identificativo sexan comunicados mediante a súa

exposición nos taboleiros de anuncios e na páxina web do Concello de Cospeito para todo o relacionado co proceso selectivo.

4ª.- Admisión de aspirantes.

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, o sr. Presidente, mediante resolución aprobará unha lista provisional de admitidos e excluídos. Dita resolución será definitiva de non haber excluídos, e será exposta no taboleiro de edictos do Concello, na sede electrónica e na web do Concello, relacionándose os aspirantes excluídos coa indicación da causa de exclusión.

Os aspirantes excluídos disporán dun prazo de cinco días hábiles para reclamacións e corrección das deficiencias sinaladas. Estas reclamacións e correccións serán aceptadas ou rexeitadas na resolución que aprobe a lista definitiva, que se publicará na mesma forma e determinará o lugar, data e hora da constitución do Tribunal e de baremación de méritos, así como a composición do Tribunal de selección.

5ª.- Tribunal cualificador.

O tribunal cualificador será designado por Resolución de Presidencia no momento de aprobación das listas definitivas de admitidos/as e excluídos/as

Todos/as os/as membros deberán pertencer a un corpo ou escala para ingreso no cal se requira titulación igual ou superior á esixida para participar na bolsa. (Artículo 59 **Ley 2/2015, de 29 de abril, del empleo público de Galicia**). O tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a presenza, polo menos, de tres dos seus membros, titulares ou suplentes, debendo estar presentes en todo caso o/a presidente/a e o/a secretario/a ou persoas en quen deleguen. De tódalas reunións que faga o tribunal o/a secretario/a redactará acta.

Os membros do tribunal absteranse de intervir e o comunicarán á autoridade convocante cando concorran algunhas das circunstancias prevista no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público. Os aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal cando concorran aquelas circunstancias.

O tribunal resolverá tódalas dúbidas que xurdan en aplicación das presentes bases así como nos casos non previstos polas mesmas.

A efectos de percepción de asistencias, o Tribunal terá a categoría primeira das sinaladas no Real Decreto 462/2002 do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo, de ser o caso.

6ª.- Contido, desenvolvemento e cualificación do proceso.

A selección realizarase de conformidade co previsto nas presentes bases polo sistema de concurso.

Exercicio. Coñecemento do galego. Consistirá na tradución sen dicionario do castelán ao galego dun fragmento dun texto legal proposto polo tribunal nun tempo máximo de trinta minutos. Quedarán exentas da realización desta proba aquelas persoas que acrediten estar en posesión do CELGA 4 ou equivalente. Este exercicio será cualificado de apto ou non apto.

1. Fase de concurso:

Experiencia profesional, ata un máximo de 10 puntos, que se valorará da seguinte forma:

1. Desempeño de posto de igual ou superior categoría na Administración Local e desenvolvendo funcións en materia de urbanismo mediante calquera tipo de relación:

a) En caso de contrato como personal funcionario ou laboral, 0,12 puntos por mes ou por cada fracción de mes superior a quince días, a xornada completa ou parcial.

2. Servizos prestados con categoría de arquitecto superior en noutras Administracións desenvolvendo funcións en materia de urbanismo mediante calquier tipo de relación:

a) En caso de contrato como personal funcionario ou laboral, 0,08 puntos por mes ou cada fracción de mes superior a quince días, a xornada completa ou parcial cun máximo de 4 puntos.

Solo serán consideradas Administracións Públicas as definidas en el artículo 2 de la Ley 39/2015 de 1 de outubro.

La experiencia xustificarse con certificación oficial ou copia do contrato, nomeamento ou documento asimilable e, ademais, certificado de vida laboral expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.

2. Formación:

Por estar en posesión do CURSO SUPERIOR TÉCNICO DE URBANISMO convocado pola EGAP : 2 puntos

Para acreditar este extremo deberá presentar o Título do curso.

3. Entrevista

No caso de que o Tribunal o considere, os aspirantes poderán ser convocados a una entrevista. O seu obxecto será curricular, relacionada coas funcións do posto. Ata 2 puntos

Os/as aspirantes deberán presentar xunto cos méritos indicados, a folia de autobareación que consta no Anexo II debidamente cumprimentada. Os datos consignados nesta folia de autobareación deberán axustarse íntegramente ao disposto nesta base 6º ata o punto de ser anulada a puntuación que non sexa exacta no apartado que corresponda.

7ª.- Cualificación.-

A puntuación definitiva estará determinada pola puntuación obtida na fase de concurso.

Nos casos de empate prevalecerá a puntuación obtida en experiencia na Administración (apartados a) e b)). De persistir prevalecerá a obtida no apartado a)

De persistir o empate, resolverase por sorteo ao que poderán asistir os interesados.

8ª.- Relación de aprobados, aprobación da Lista e presentación de documentos.-

Na acta da última sesión incluírase a relación dos aspirantes pola orde de cualificación definitiva. O Tribunal elevará dita relación ao Alcalde que resolva a súa aprobación como lista/bolsa de emprego para posibles nomeamentos como funcionario interino en calquera das situación previstas no artigo 23.2 da Lei de Emprego Público de Galicia 2/2015 no Concello de Cospeito.

Dita resolución será publicada no taboleiro de edictos do Concello de Cospeito e na páxina web do mesmo.

9ª.- Presentación de documentos.-

Formada a Bolsa de interinos/as , no caso de acudir a ela para un posible nomeamento, o/a aspirante seleccionado nese intre deberá presentar ante esta Administración no prazo de cinco días dende o chamamento, os documentos acreditativos das condicións de capacidade e requisitos esixidos na convocatoria:

- Copia cotexada do título esixido nas presentes bases.
- Copia cotexada do CELGA 4 ou titulación equivalente que presentaran coa instancia a efectos de exención do segundo exercicio.
- Certificado ou informe médico de non padecer enfermidade nin eiva física que impida o normal desenvolvemento das funcións correspondentes ao posto. No caso de imposibilidade presentará una declaración xurada ata conseguir o certificado ou informe médico.
- Declaración xurada de non estar separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, de non estar en situación de suspensión de funcións, nin estar inhabilitado para o exercicio de funcións públicas.
- Declaración xurada de non estar incurso en causa de incompatibilidade ou incapacidade.

Quen dentro do prazo indicado, e salvo os casos de forza maior, non presentasen a documentación ou da mesma se deducise que carecen dalgún dos requisitos esixidos, será excluído da Lista de emprego, quedando anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que puidesen incurrir por falsidade nas súas solicitudes de participación.

9ª.- Funcionamento da lista/bolsa e xestión dos chamamentos

Producida algunha das situacións de necesidade de persoal especificadas na base 1ª ou 8º procederase ao chamamento da persoa a quen corresponda ser nomeado segundo a orde de prelación na lista/bolsa. Tamén se poderá acudir á lista/bolsa para cubrir posibles baixas por incapacidade, vacacións, renuncia ou outras contingencias sobrevidas no candidato con maior puntuación que eventualmente sexa nomeado funcionario/a interino/a ou contratado/a laboral temporal.

Os chamamentos dos aspirantes faranse mediante notificación electrónica anunciada mediante chamada telefónica entre as 8:00 e as 15:00 horas e o empregado público que os efectúe fará constar mediante dilixencia a súa realización e se tivo ou non resposta, dando un prazo de 48 horas para aceptar ou renunciar. En caso de falta de resposta ou renuncia no prazo indicado chamarase ao seguinte clasificado en orde de prelación na lista/bolsa aprobada e así sucesivamente.

10ª.- Nomeamento.-

Efectuado polo Alcalde o nomeamento, o aspirante nomeado deberá tomar posesión no prazo de cinco días hábiles a contar desde o seguinte ao de notificación do nomeamento, previa prestación de xuramento ou promesa conforme dispón o Real Decreto 707/1979, de 5 de abril.

Mentres non tome posesión do posto e non se incorpore ao posto de traballo, o nomeado non terá dereito a percepción económica de ningunha clase.

11ª.- Cese.-

O/A funcionario/a interino/a que no seu caso sexa nomeado en execución da presente convocatoria, cesará en todo caso cando se produzan calquera das causas previstas legalmente e, en todo caso, cando finalice a causa que deu lugar ao seu nomeamento.

12ª.- Duración da lista/bolsa.-

A lista/bolsa tendrá unha vixencia de 3 anos podendo ser prorrogada por 2 anos mais, dende a súa aprobación sen prexuízo de que se poda prorrogar se o permite a lexislación vixente. Non obstante, a dita lista quedará anulada automaticamente se antes da finalización da súa vixencia se convoca un novo proceso selectivo e se aproba unha nova lista de aspirantes.

13ª.- Normas finais.-

Primeira.- Para todo o non previsto nestas Bases será de aplicación supletoria o establecido no TREBEP; na Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia; na Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, Real Decreto 364/1995 polo que se aproba o Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado e de Provisión de postos de traballo e Promoción Profesional dos Funcionarios Cívís da Administración Xeral do Estado e demais lexislación vixente de aplicación.

Segunda.- Agás a convocatoria, que se publicará segundo se establece na Base 3ª, os sucesivos actos e comunicacións que se deriven da celebración deste proceso selectivo faranse públicos a través dos Taboleiro de Anuncios do Concello de Cospeito, sen prexuízo de que se dea información sobre estas publicacións a través da web do concello.

Terceira.- Todos os actos administrativos derivados desta convocatoria e da actuación do Tribunal, poderán ser impugnados polos interesados nos casos e na forma establecidos pola Lei do Procedemento Administrativo Común e normas vixentes concordantes.

Cospeito, 15 de outubro de 2020.- O Presidente, D. Armando Castosa Alvariño.

ANEXO I

MODELO SOLICITUDE



CONCELLO DE COSPEITO

REXISTRO:

SOLICITUDE PARA PARTICIPAR NAS PROBAS SELECTIVAS PARA LISTA/BOLSA FUNCIONARIO INTERINO DE POSTO DE ARQUITECTO/A SUPERIOR

Denominación			
Tipo de persoal	Funcionario interino		
Quenda á que opta	Libre <input checked="" type="checkbox"/>	Promoción interna <input type="checkbox"/>	Discapacitados <input type="checkbox"/>
No caso de quenda de discapacitados, indique se necesita adaptación especial para a realización das probas e de que tipo:			

Datos persoais

Primeiro apelido	Segundo apelido	Nome	
Data nacemento	D.N.I.	Nacionalidade	Teléfono/s
Domicilio		Municipio	Código Postal

- **Declaro responsablemente non haber sido separado**, mediante expediente disciplinario, do servizo de ningunha Administración Pública, **nin atoparme inhabilitado** para o exercicio da función pública por sentenza firme.
- **Declaro responsablemente non estar incurso en causas de incompatibilidade** de conformidade có disposto na Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas.

Solicito

Ser admitido nas presentes probas selectivas e declaro que son certos tódolos datos consignados nesta solicitude, e que coñezo e reúno as condicións esixidas na convocatoria, referidos á data na que finaliza o prazo de presentación de instancias.

Achégase a seguinte documentación:

1.
2.
3.
4.
5.
6.

En Cospeito, ____ de _____ de _____

Sinatura do interesado

Sr. Alcalde do Concello de Cospeito

ANEXO II:

MODELO DE AUTOBAREMACIÓN**1 DATOS PERSONAIS**

NOME E APELIDOS	
NIF:	TELÉFONO:

2,- MERITOS A VALORAR:

1- EXPERIENCIA PROFESIONAL (MÁXIMO 10 PUNTOS)			
ADMINISTRACIÓN LOCAL/ OUTRAS ADMINISTRACIÓNS	POSTO DE TRABALLO	MESES	PUNTOS

2- CURSO DE FORMACIÓN	PUNTOS

PUNTUACIÓN TOTAL (Suma apartados 1 e 2) (Máximo 12 puntos)	PUNTOS

DECLARACIÓN, LUGAR, DATA E SINATURA:

A persoa abaixo asinante DECLARA baixo a súa expresa responsabilidade, que son certos os datos consignados neste impreso de autobaremación, que os méritos alegados atópanse acreditados coa documentación adxunta, conforme ao requerido nas Bases da Convocatoria, e a súa puntuación de autobaremo é a que figura na casilla "PUNTACIÓN TOTAL" deste impreso.

En _____ a _____ de _____ de 2020.

O/A solicitante

Ado.: _____

4,- PROTECCIÓN DE DATOS:

En cumprimento de lo dispuesto na normativa de Protección de Datos de Carácter Personal, este concello informa que os datos personais obtidos mediante a cumprimentación deste documento van ser incorporados, para o seu tratamento, nun fichero automatizado. Igualmente infórmase que a recollida e tratamento de ditos datos ten como finalidade a xestión en materia de Recursos Humanos. Conforme co previsto na normativa vixente, pode exercitar os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición dirixindo un escrito ao Sr. Alcalde.

SR. ALCALDE - PRESIDENTE DO CONCELLO DE COSPEITO (LUGO)

MURAS

Anuncio

MANUEL REQUEIJO ARNEJO, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE MURAS (LUGO)

Visto o rexistro de entrada 2020-E-RC-946 de data 15.07.2020 no que se presenta comunicación previa para realizar obras de conservación dunha vivenda rural, e visto que dita comunicación afecta a intereses familiares da Alcaldía.

Visto o disposto nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, Réximen Xurídico do Sector Público, artigo 76 da lei 7/1985, de 2 de abril reguladora das Bases de Réxime Local, e artigos 21 e 22 do regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

De conformidade co establecido no artigo 21.3 e 23.4 da lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das Bases de Réxime Local, en relación co artigo 61.3 e 4 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia e de acordo cos artigos 44 e 47 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro,

RESOLVO

PRIMEIRO.- Delegar en dona Belén Chao Ramil, primeira tenente de alcalde, a totalidade das funcións da Alcaldía, nos termos do artigo 23.3 Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, en relación ca toma de coñecemento e conformidade da obra consistente en relousado de cuberta en vivenda sita en Lg. Pico Verde 2, referencia catastral 001700300PJ00H0001YT.

SEGUNDO.- A delegación comprende as facultades de dirección e de xestión, así como a de resolver os procedementos administrativos oportunos mediante a adopción de actos administrativos que afecten a terceiros.

TERCEIRO.- O órgano delegado ha de informar a esta Alcaldía, a posteriori, e, en todo caso, cando se lle requira para iso, da xestión realizada e das disposicións ditadas no período de referencia, e con carácter previo daquelas decisións de transcendencia, tal e como se prevé na o artigo 115 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro.

CUARTO.- A delegación conferida no presente Decreto requirirá para a súa eficacia a aceptación do órgano delegado, entendéndose esta outorgada tácitamente si non se formula ante esta Alcaldía expresa manifestación de non aceptación da delegación no termo de tres días hábiles contados desde o seguinte a aquel en que lle sexa notificada esta resolución.

QUINTO.- A presente resolución será publicada no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

SEXTO.- Para o non previsto expresamente nesta resolución aplicaranse directamente as previsións da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, en canto ás regras que para a delegación se establecen en devanditas normas.

SEPTIMO.- Contra este Decreto, que pon fin á vía administrativa, de conformidade co que establece o artigo 52 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e de acordo co que dispón o artigo 123 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, poderá interperse, con carácter previo e potestativo, recurso de reposición ante a Alcaldía deste Concello, no termo dun mes a contar desde o día seguinte á recepción da súa notificación, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Santiago de Compostela, no termo de dous meses, a contar desde o día seguinte á recepción da súa notificación. No entanto, poderá interpor calquera outro, si considerao conveniente.

OITAVO.- Dar conta ao Pleno da Corporación na seguinte sesión que se celebre en cumprimento do establecido no artigo 42 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Muras, 13 de outubro de 2020.- Sr. Alcalde, don Manuel Requeijo Arnejo, do que eu, dona Silvia Lamelas Soto, como Secretaria, dou fe. (Asinado aos efectos do artigo 3 do RD 128/2018).

OUTEIRO DE REI

Anuncio

INICIO DE EXPEDIENTE DE INVESTIGACIÓN

José Pardo Lombao, Alcalde-Presidente do Concello de Outeiro de Rei, no exercicio das competencias que me atribúe o artigo 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, fago saber que, con data de 9 de outubro de 2020, iniciouse expediente de investigación para determinar a titularidade e existencia do tramo de camiño público que discurriría dende a estrada de Santa Mariña a Cela no inicio da parcela 213 do polígono 20, discurriendo polo noroeste de esta parcela (Leste das parcelas 57, 58 e 59 do polígono 20) e virando cara o oeste discurriendo polo sur da parcela 57 até desembocar no cauce fluvial do río Miño.

De conformidade co disposto no artigo 50 do Regulamento de Bens das Entidades Locais, os afectados polo expediente de investigación disporán dun prazo dun mes, a contar dende o día seguinte o da presente publicación, para alegar canto estimen coniente en defensa dos seus dereitos ou intereses, debendo aportar perante o Concello, a tal fin, a totalidade da documentación representativa dos mesmos.

Outeiro de Rei, 9 de outubro de 2020.- O Alcalde, José Pardo Lombao.

R. 2489

A PONTENOVA

Anuncio

LISTAXE DE CONTRIBUÍNTES POR APLICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (SAF) DE SETEMBRO 2020.

Por Resolución de alcaldía de data trece de outubro de 2020, resólvese prestar aprobación da devandita listaxe que estará exposta nas oficinas municipais en horario de 9:00 a 14:00 horas; durante o prazo de 15 días contados a partir do seguinte ao da súa publicación no BOP de Lugo, para os efectos de que poida ser examinada e presentar as reclamacións que se estimen pertinentes, entendéndose definitivamente aprobada se transcurrido o devandito prazo non se formularan suxestións contra ésta.

Contra as liquidacións comprendidas na listaxe de contribuíntes poderase formular recurso de reposición, anterior o contencioso-administrativo, perante a alcaldía no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da finalización da exposición pública da listaxe.-

Así mesmo, acórdase a apertura do prazo de recadación en período voluntario que será segundo o seguinte detalle:

A) Prazo de ingreso en período voluntario do prezo público do Servizo de Axuda no Fogar : **dende o 11 de novembro de 2020 ao 11 de de xaneiro de 2021**, ámbolos dous inclusive.

B) Os recibos, non domiciliados, poderanse facer efectivos na conta bancaria **ES78-2080-0137-41-3110000025** que este Concello ten aberta na oficina de **ABANCA**, sucursal de **A Pontenova**.

Transcorrido o prazo de ingreso voluntario, sen que se efectuaran os pagamentos correspondentes, e unha vez rematado este, os recibos pendentes pasarán ó cobro pola vía executiva de constrinximento.

Decreta, manda e asina o señor alcalde, na Pontenova a 14 de outubro de dous mil vinte.

R. 2490

RIBADEO

Anuncio

Secretaría Xeral.02.

Expediente nº.2075/2019

RESOLUCIÓN DA ALCALDIA-PRESIDENCIA.-

Visto expediente instruído para provisión de dous postos de traballo de operarios de limpeza viaria como interinos, postos previstos no cadro de persoal laboral deste Concello 714/3 e 714/9 da RPT municipal.

Resultando, que por resolución da Alcaldía de 23 de xaneiro de 2020 se prestou aprobación á lista provisional de admitidos e excluídos, que foi exposta no tablón de anuncios do Concello e mais na web municipal:

www.ribadeo.gal así como no Boletín Oficial da Provincia de Lugo de data 31 de xaneiro de 2020 sen que se formulasen alegacións ou reclamacións.

Visto canto antecede, esta Alcaldía de conformidade co disposto nas bases para o proceso selectivo de referencia, Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local e demais normativa de pertinente aplicación,

RESOLVE

1º. Elevar a definitiva a lista de admitidos e excluídos a que se refire a anterior resolución de sta Alaldía publicada no BOP de Lugo de referencia.

2º. Fixar a composición do Organo de selección do seguinte xeito:

Presidente: Titular Francisco M. Moreda Gil, arquitecto municipal.

Suplente: Carlos Longarela Sanfiz, arquitecto municipal da ARI.

Vogais:

Titular: José Luis Armesto Castro, Encargado de obras de medio rural do Concello de Sarria.

Suplente: José Luis Fernández Rodríguez, Operario do Concello de Ribadeo.

Titular: Santiago López López, Xefe de Grupo de Medio Ambiente do Concello de Ribadeo.

Suplente: José Luis Yañes Mourelle, Oficial do servizo de obras do Concello de Ribadeo.

Titular: Antonio J. Cuadrado García, Capataz do Concello de Ribadeo.

Suplente: Celso López Pérez, Oficial de obras do Concello de Ribadeo.

Secretario con voz e sen voto:

Titular: D.José Rodil Veiga, Técnico de Administración Xeral, Secretario en funcións do Concello de Ribadeo.

Suplente: D.José A. Carro Asorey, Secretario Xeral en acumulación do Concello de Ribadeo.

Os membros do Tribunal están suxeitos ao réxime de recusación previsto no artigo 24 da vixente Lei 40/2015, de 1 de outubro de Réxime Xurídico do Sector Público.

3º.- Fixar como data para o inicio do proceso selectivo e comezo do primeiro exercicio o próximo día **16 de novembro de 2020 ás 9,30 horas na Casa do Concello de Ribadeo. O Organo de selección constituirase a partir das 9,00 horas.**

4º. Publicar anuncio con esta Resolución no taboleiro de anuncios do Concello, Web municipal e BOP de Lugo aos efectos legais procedentes.

Mandao e asinao o Sr. Alcalde, en Ribadeo a data sinatura electrónica, do que eu Secretario dou fe.

Ante mín

Ribadeo, 13 de outubro de 2020.- O ALCALDE, FERNANDO SUÁREZ BARCIA. O SECRETARIO EN FUNCIONS, Asdo. JOSÉ RODIL VEIGA.

R. 2491

SOBER

Anuncio

Por Resolución de Alcaldía de data 14 de outubro de 2020, aprobouse o Padrón fiscal do Servizo de Axuda no Fogar na modalidade de libre concorrencia ou prestación básica e de dependencia correspondente ao mes de Setembro de 2020.

Por medio do presente expone ao público o devandito padrón polo prazo de 15 días hábiles, que empezará a contarse dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes, tanto en vía administrativa (artigos 123 e 124 da LPAC), coma na vía contenciosa (artigos 19, 25 e 46 da LJCA) O que se fai público para xeral coñecemento e aos efectos de que sirva de notificación colectiva de conformidade co establecido na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Sober, 14 de outubro de 2020.- O Alcalde, Luis Fernández Guitián.

R. 2503

XOVE*Anuncio*

Por Resolución de Alcaldía de data 14 de Outubro de 2020, prestouse aprobación inicial ó Padrón da Taxa por entrada de vehículos a través de aceras e reservas de vía pública (VADOS) para estacionamento exclusivo, parada de vehículos, carga e descarga de mercancías de calquera clase correspondente ó exercicio 2020.

O meritado Padrón queda exposto ó público na Secretaría deste Concello durante 20 días hábiles, contados a partir do día seguinte ó da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

Durante dito prazo as persoas interesadas poderán examinalo e formular as reclamacións que estimen pertinentes.

Así mesmo, por acordo da Alcaldía fíxase como prazo de ingreso en período voluntario, o comprendido entre os días 1 de novembro de 31 de decembro de 2020, nas entidades financeiras colaboradoras.

Ó propio tempo ponse en coñecemento dos contribuíntes comprendidos no aludido Padrón que transcorrido o prazo anteriormente sinalado as débedas serán esixidas polo procedemento de apremio, devengándose os recargos sinalados no artigo 28 da Lei Xeral Tributaria, xuros de morea e, no seu caso, as costas do procedemento de constrinximento.

Este anuncio ten o carácter de notificación colectiva ó amparo do establecido no artigo 102.3 da antedita Lei.

Xove a 14 de outubro de 2020. O Alcalde.- Jose Demetrio Salgueiro Rapa.

R. 2492

MINISTERIO PARA A TRANSICIÓN ECOLÓXICA E O RETO DEMOGRÁFICO
CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO MIÑO-SIL, O.A. COMISARÍA DE AUGAS*Anuncio***INFORMACIÓN PÚBLICA**

EXPEDIENTE DE VERTIDO DE AGUAS RESIDUALES.

EXPEDIENTE: V/27/01302

PETICIONARIO: Fidelina Vázquez Bello

VERTIDO

DENOMINACIÓN: Vivienda en Ferreira nº 18

LOCALIDAD: Ferreira 18 Parga (Santo Estevo)

TÉRM. MUNICIPAL: Guitiriz

PROVINCIA: Lugo

RÍO/CUENCA: Parga/Parga

El vertido cuya autorización se solicita corresponde a las aguas residuales urbanas de "Vivienda en Ferreira nº 18" - "Fidelina Vázquez Bello", con un volumen máximo anual de 262,00 m³.

Las instalaciones de depuración constan básicamente de los siguientes elementos:

- Decantador-digestor.
- Arqueta de toma de muestras.
- Zanja filtrante.

Lo que se hace público para general conocimiento, por un plazo de TREINTA DÍAS, contados a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en el Boletín Oficial de la Provincia de Lugo, a fin de que los que se consideren perjudicados con lo solicitado, puedan presentar sus reclamaciones en la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O. A. durante el plazo indicado.

El expediente de vertido estará de manifiesto en las Oficinas de esta Comisaría de Aguas en Lugo (Ronda da Muralla, 131, 2º).

Lugo, 13 de outubro de 2020.- EL JEFE DE ÁREA DE GESTIÓN MEDIOAMBIENTAL, CALIDAD DEL AGUA Y VERTIDOS,
Diego Fompedriña Roca

R. 2494

FE DE ERRATAS

Advertido erro no anuncio con núm. de rexistro 2423 do BOP núm. 238 de 17/10/2020, queda sin efecto o estar duplicado co mesmo anuncio con núm. de rexistro 2346 publicado no BOP núm. 232. de data 09/10/2020.

A efectos de prazos o BOP que conta é o núm. 232